

# VIEIROS

Barcelona

Edición xestionada por [Xabier Paradelo](#)

NOVIDADE EDITORIAL

## 'Manifesta Galiza' de González Gómez recolle os manifestos literarios galegos do s. XX

O manifesto é un xénero suxestivo e provocativo para explicitar un programa artístico, ideolóxico ou social. No seu último libro, *Manifesta Galiza*, o crítico e tradutor Xesús González Gómez recolle algúns manifestos e moitas declaracións programáticas publicadas nas primeiras entregas das revistas culturais e literarias galegas entre 1918 e 1999. Segundo o seu autor todos estes textos teñen en común a defensa dunha literatura militante.

- 21:13 22/06/2006

O libro recolle 150 textos escritos en galego, con máis abundancia de prólogos de revistas que de manifestos. Entre eles recóllense os que apareceron nunha publicación singular feita en Cataluña, *O Pote*, "boletín en que ninguén asinaba as súas colaboracións e/ou traducións, composto maiormente por tres persoas"; entre eles estaba o escritor Xoán Manuel Casado. Neste libro pódense ler algunhas proclamas coñecidas como o *Máis alá!* de Manuel Antonio, o *Manifesto kamikaze* de Suso de Toro ou o *Manifesto mohicano* de Manuel Rivas, Lino Braxe e Xavier Seoane, así como varias proclamas do Colectivo Ronseltz ou a presentación de revistas como *Grial* e *A Trabe de Ouro*.

Xesús González Gómez (A Rúa, 1950), é autor de moitos libros sobre o surrealismo e ten traducido a Baudelaire, o Conde de Lautréamont, Llorenç Villalonga ou Michael Löwy. Como crítico literario ten colaborado en *Grial*, n'*A Nosa Terra* e no *Expresso*. Como narrador é autor dunha novela biográfica, *A lingua secreta* (2002).

Podes ler unha entrevista co autor en [A Nosa Terra](#) (16-22.06.2006).

Xesús González Gómez (compilador)

*Manifesta Galiza. Manifestos na literatura galega do século XX*

Vigo: A Nosa Terra | 2006